



Xacobeo 2021

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Mes de xullo e acumulado anual 2019

PROVINCIA DE A CORUÑA
XULLO 2019

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	169.882	4,4%	364.647	7,1%	2,15	2,6%	61,69%	2,78
PENSIÓNS	60.377	3,7%	111.670	-0,9%	1,85	-4,4%	45,15%	3,94
ESTAB. HOTELEIROS	230.259	4,2%	476.317	5,1%	2,07	0,8%	56,79%	3,57
APTOS. TURÍSTICOS	6.798	-9,0%	25.246	-7,6%	3,71	1,6%	47,96%	-3,47
TURISMO RURAL	10.361	5,6%	22.705	3,6%	2,19	-1,8%	38,51%	2,61
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	17.159	-0,8%	47.951	-2,6%	2,79	-1,8%	-	-
TOTAL	247.418	3,8%	524.268	4,3%	2,12	0,5%	-	-

- Comportamento positivo da demanda turística na provincia de A Coruña neste primeiro mes do verán, con crecementos tanto da cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados –do 3,8%- coma do volume de noites –do 4,3% neste caso-.
- Obsérvase neste mes un comportamento dispar da demanda nas diferentes tipoloxías, con crecemento nos hoteis –do 7,1%- e nos establecementos de turismo rural –do 3,6%- e caída nas pensións –moi suave, inferior ao 1%- e nos apartamentos turísticos –do 7,6% neste caso-.
- O 91% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 70% nos hoteis e un 21% nas pensións-. O 9% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento algo diferentes dos tres grandes segmentos de mercado. En concreto, neste mes cae o turismo interno –un 15,3%- mais increméntase o receptor –un 11,0% aquel de ámbito nacional e un 6,5% o internacional–.
- O segmento de maior peso neste mes é o receptor nacional. Representa en xullo o 58,4% do total da demanda –medida en pernoctacións-. O mercado internacional ten un peso tamén importante, do 27,1%, o máis elevado das catro provincias aínda que inferior ao rexistrado en temporada media.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución algo diferente. Mellora en tres tipoloxías concretas –en case catro puntos nas pensións por mor dunha caída da oferta e preto de tres puntos nos hoteis e nos establecementos de turismo rural grazas á incremento da demanda-, e descende só nos apartamentos turísticos.

PROVINCIA DE A CORUÑA
ACUM. XULLO 2019

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	859.543	4,5%	1.579.486	6,7%	1,84	2,1%	43,07%	1,23
PENSIÓNS	195.736	1,5%	387.910	8,8%	1,98	7,1%	25,80%	4,35
ESTAB. HOTELEIROS	1.055.280	3,9%	1.967.397	7,1%	1,86	3,1%	38,04%	2,72
APTOS. TURÍSTICOS	27.073	-12,4%	78.576	-3,8%	2,90	9,9%	23,40%	-1,58
TURISMO RURAL	41.333	12,5%	70.839	5,6%	1,71	-6,1%	20,29%	2,13
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	68.406	1,1%	149.415	0,5%	2,18	-0,6%	-	-
TOTAL	1.123.686	3,7%	2.116.812	6,6%	1,88	2,8%	-	-

- Nos primeiros sete meses deste ano obsérvase, en termos globais, un comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 3,7% e o volume de noites un 6,6% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Obsérvase un comportamento algo diferentes nas diferentes tipoloxías. En concreto, sobe a demanda en todas elas agás nos apartamentos turísticos – onde se rexistra unha caída do 3,8%-. A suba máis destacada en termos relativos sitúase nas pensións, cun incremento do 9%.
- O 93% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 75% nos hoteis e un 18% nas pensións-. O 7% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes mercados. O turismo interno sobe un 3,2%, o receptor nacional un 9,0% e o internacional un 6,8%, porcentaxes referidas ás pernoctacións.
- O segmento de maior peso é o turismo receptor nacional –representa o 48,5% do total-. O segmento internacional supón neste período o 32,0%.
- A estadía media increméntase nun 2,8% para situarse preto de 1,9 noites neste período.
- En termos de ocupación o comportamento vai parello ao da demanda. Mellora en todas elas agás nos apartamentos turísticos –modalidade na que descende en máis dun punto porcentual-. O crecemento máis notorio rexístrase nas pensións, cunha suba de máis de catro puntos porcentuais.
- A cifra de ocupación máis elevada rexístrase nos hoteis, cun 43,1% de media neste período de sete meses.

PROVINCIA DE LUGO
XULLO 2019

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	50.391	13,1%	96.098	10,2%	1,91	-2,6%	52,71%	3,24
PENSIÓNS	26.242	19,0%	41.240	24,7%	1,57	4,8%	33,37%	5,51
ESTAB. HOTELEIROS	76.633	15,1%	137.338	14,2%	1,79	-0,8%	44,85%	4,09
APTOS. TURÍSTICOS	6.008	72,2%	23.938	97,1%	3,98	14,4%	42,96%	5,56
TURISMO RURAL	7.267	12,0%	13.552	6,1%	1,86	-5,3%	24,11%	2,40
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	13.275	33,0%	37.490	50,4%	2,82	13,1%	-	-
TOTAL	89.908	17,4%	174.828	20,4%	1,94	2,5%	-	-

- Rexístrase neste sétimo mes de 2019 un importante crecemento da demanda turística regrada na provincia de Lugo. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 17,4% e o volume de noites un 20,4% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Obsérvase un comportamento homoxéneo da demanda nas diferentes tipoloxías de aloxamento. Sobea en todas elas con diversa intensidade, sendo o crecemento máis notorio nos apartamentos turísticos –modalidade na que dobran as cifras de xullo de 2018-. Os establecementos de turismo rural rexistran, en cambio, o incremento máis moderado, do 6,1%.
- O 78,6% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 55,0% nos hoteis e un 23,6% nas pensións-. O 21,4% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 13,7%- e os establecementos de turismo rural –co 7,8% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Incrementábase o turismo interno –un 11%- o receptor nacional –tamén un 11%- e o internacional –un 31% neste caso-.
- O segmento de maior peso neste primeiro mes do verán é o turismo receptor nacional –representa o 52% das noites hoteleiras-.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao da demanda. Mellora en todas as modalidades con notable intensidade –en máis de cinco puntos nas pensións e apartamentos turísticos, e máis de tres puntos nos hoteis e en máis de dous puntos no segmento de turismo rural-.
- A estadía media descende neste mes, un 2,5%, para situarse en 1,9 noites de media –unha das cifras máis baixas das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE LUGO
ACUM. XULLO 2019

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	235.824	7,3%	414.267	9,6%	1,76	2,1%	37,04%	2,46
PENSIÓNS	110.976	15,8%	177.836	2,5%	1,60	-11,5%	23,54%	-0,41
ESTAB. HOTELEIROS	346.801	9,9%	592.104	7,4%	1,71	-2,3%	31,59%	1,24
APTOS. TURÍSTICOS	19.205	53,0%	72.359	83,9%	3,77	20,2%	22,37%	3,79
TURISMO RURAL	33.880	14,2%	51.823	7,6%	1,53	-5,8%	15,79%	2,25
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	53.085	25,8%	124.182	41,9%	2,34	12,8%	-	-
TOTAL	399.886	11,8%	716.286	12,1%	1,79	0,3%	-	-

- Nos primeiros sete meses deste ano rexístrase un crecemento global dos niveis de demanda turística regrada na provincia de Lugo. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 11,8% e o volume de noites un 12,1% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Obsérvase neste período un comportamento homoxéneo da demanda nas diferentes tipoloxías. Incrementábase en todas elas con intensidade variable –un 10% nos hoteis, un 2,5% nas pensións, un 84% nos apartamentos turísticos e un 8% nos establecementos de turismo rural-.
- O 83% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 58% nos hoteis e un 25% nas pensións-. O 17% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 10%- e os establecementos de turismo rural –co 7% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste período un comportamento algo diferente dos tres grandes segmentos de mercado. Descende o turismo interno, dos residentes en Galicia –un 9,7%- e incrementábase o receptor –un 14,9% o nacional e un 29,6% o internacional-.
- O segmento de maior peso neste período é o mercado receptor nacional –representa o 43,5% do total das noites hoteleiras-. O interno absorbe o 35%.
- Neste contexto positivo mantense estable a estadía media para situarse en 1,8 noites de media.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento algo diferente ao da demanda. Mellora en tres tipoloxías –en case catro puntos nos apartamentos turísticos e en máis de dous puntos nos hoteis e en turismo rural- e mantense relativamente estable nas pensións –a pesar do incremento da demanda-.
- Os hoteis marcan a cifra de ocupación máis elevada cun 37,0% de media neste período de sete meses.

PROVINCIA DE OURENSE
XULLO 2019

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	28.742	19,2%	53.120	11,1%	1,85	-6,8%	40,47%	2,97
PENSIÓNS	6.134	-16,9%	11.898	-13,2%	1,94	4,4%	18,74%	-2,12
ESTAB. HOTELEIROS	34.876	10,7%	65.017	5,7%	1,86	-4,6%	33,35%	1,53
APTOS. TURÍSTICOS	1.226	-18,9%	3.806	-31,1%	3,10	-15,1%	30,89%	-13,45
TURISMO RURAL	3.925	1,5%	7.668	3,9%	1,95	2,3%	25,11%	1,70
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	5.151	-4,2%	11.474	-11,1%	2,23	-7,2%	-	-
TOTAL	40.027	8,6%	76.491	2,8%	1,91	-5,3%	-	-

- En termos globais obsérvase neste mes de xullo un comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de Ourense. En particular, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados un 8,6% e o volume de noites un 2,8% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Rexístrase un comportamento dispar nas diferentes tipoloxías de aloxamento. O nivel de demanda sobe nos hoteis –un 11,1%- e en turismo rural –un 3,9%- mais descende nas pensións –un 13,2%- e nos apartamentos turísticos –un 31,1% neste caso-.
- O 85% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 69% nos hoteis e un 16% nas pensións-. O 15% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento tamén diferente dos tres grandes segmentos de mercado. Sobe o turismo de ámbito nacional –un 21,1% o interno e un 4,6% o que procede do resto do Estado- e descende, en cambio, o internacional –un 23,7% neste caso-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado receptor nacional –representa o 46% do total das noites hoteleiras-. O turismo interno representa neste caso o 42%.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento parello ao da demanda. Mellora nos hoteis –en tres puntos porcentuais- e en turismo rural –case dous puntos- mais descende nas pensións –en dous puntos- e nos apartamentos turísticos –en máis de trece puntos neste caso-.
- A estadía media descende neste mes –un 5,3%- situándose en 1,9 noites.

PROVINCIA DE OURENSE
ACUM. XULLO 2019

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	155.174	9,0%	277.656	6,1%	1,79	-2,7%	32,90%	1,33
PENSIÓNS	36.128	-15,5%	72.057	-8,3%	1,99	8,5%	17,78%	0,10
ESTAB. HOTELEIROS	191.303	3,4%	349.711	2,7%	1,83	-0,6%	27,98%	1,27
APTOS. TURÍSTICOS	5.428	-20,5%	15.036	-23,7%	2,77	-4,0%	22,54%	-3,87
TURISMO RURAL	17.653	-5,2%	30.861	-1,4%	1,75	4,1%	15,04%	-0,55
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	23.081	-9,3%	45.897	-10,0%	1,99	-0,7%	-	-
TOTAL	214.384	1,8%	395.608	1,1%	1,85	-0,7%	-	-

- Nos primeiros sete meses deste 2019 obsérvase un leve crecemento dos niveis de demanda turística regrada na provincia de Ourense. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 1,8% e o volume de noites un 1,1%. Son incrementos moi suaves que falan máis ben de certa estabilidade da demanda.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda nas diferentes tipoloxías de aloxamento. Sobe e mellora unicamente nos hoteis –nun 6,1%- e descende nas restantes tres modalidades –un 8,3% nas pensións, un 23,7% nos apartamentos turísticos e nun 1,4% en turismo rural-.
- O 88% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 70% nos hoteis e un 18% nas pensións-. O 12% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 4%- e os establecementos de turismo rural –co 8% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento diferente dos tres grandes segmentos de mercado. Incrementábase o turismo interno –nun 6,3%- e o internacional –nun 11,8% e descende, en cambio, o receptor nacional –nun 3,9% neste caso-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste período é o mercado interno –representa o 46% das noites hoteleiras-.
- A estadía media mantense practicamente estable neste período para situarse levemente por encima de 1,8 noites.
- En termos de ocupación obsérvanse variacións tamén dispares: mellora nos hoteis –en algo máis dun punto-, mantense relativamente estable nas pensións e descende no ámbito extrahoteleiro –en case catro puntos nos apartamentos turísticos e medio punto nos establecementos de turismo rural-.
- Tamén neste caso son os hoteis a tipoloxía que rexistra a cifra de ocupación máis elevada, cun 32,9% de media neste período de sete meses.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
XULLO 2019

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	173.861	4,1%	486.115	4,2%	2,80	0,1%	61,18%	2,40
PENSIÓNS	30.991	40,9%	61.811	30,1%	1,99	-7,7%	40,90%	4,24
ESTAB. HOTELEIROS	204.852	8,4%	547.926	6,5%	2,67	-1,7%	57,91%	2,24
APTOS. TURÍSTICOS	9.858	11,4%	58.765	24,2%	5,96	11,5%	54,84%	7,30
TURISMO RURAL	7.750	2,0%	21.265	13,5%	2,74	11,3%	35,56%	4,76
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	17.608	7,0%	80.030	21,2%	4,55	13,2%	-	-
TOTAL	222.460	8,2%	627.956	8,2%	2,82	0,0%	-	-


- Comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra neste primeiro mes do verán. Obsérvase neste sentido un incremento tanto da cifra de viaxeiros aloxados coma do volume de noites de semellante intensidade, un 8,2% en ambos casos.
- O crecemento da demanda ten un carácter xeneralizado, isto é, prodúcese en todas as tipoloxías de aloxamento. O volume de noites sobe un 4% nos hoteis, un 30% nas pensións, un 24% nos apartamentos turísticos e un 13,5% nos establecementos de turismo rural.
- O 87% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 77%- e ás pensións –co 10% neste caso-. A porcentaxe restante fica entre os apartamentos turísticos –co 9%- e os establecementos de turismo rural –co 4% neste caso-.
- Só para o ámbito hoteleiro obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Neste mes crece a demanda no turismo interno –un 2,5%-, no receptor nacional –un 4,3%- e no internacional –un 20,6% neste caso-.
- Neste mes é o mercado receptor nacional o de maior peso na provincia –absorbe o 60% do total da demanda-. O 22% corresponde ao turismo interno e o 18% restante ao internacional.
- Os niveis de ocupación varían tamén de forma positiva e intensidade variable. Mellora en máis de dous puntos nos hoteis, en máis de catro puntos nas pensións e en turismo rural e en máis de sete puntos nos apartamentos turísticos.
- Mantense estable neste mes a estadía media situándose en 2,8 noites –a cifra máis elevada das catro provincias-.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
ACUM. XULLO 2019


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	682.301	5,5%	1.543.723	4,7%	2,26	-0,8%	42,45%	1,29
PENSIÓNS	94.483	34,7%	187.085	30,3%	1,98	-3,3%	27,85%	5,01
ESTAB. HOTELEIROS	776.786	8,4%	1.730.807	7,0%	2,23	-1,3%	40,17%	1,75
APTOS. TURÍSTICOS	19.239	7,6%	85.009	21,1%	4,42	12,6%	26,52%	0,82
TURISMO RURAL	26.129	13,2%	55.664	23,9%	2,13	9,5%	15,28%	2,90
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	45.368	10,7%	140.673	22,2%	3,10	10,4%	-	-
TOTAL	822.154	8,5%	1.871.480	8,0%	2,28	-0,5%	-	-

- Nos primeiros sete meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra. En particular, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados un 8,5% e o volume de noites un 8,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- O crecemento da demanda é unha característica común a todas as tipoloxías de aloxamento, isto é, sobe e mellora en todas elas con intensidade variable –un 5% nos hoteis, un 21% nos apartamentos turísticos, un 24% nos establecementos de turismo rural e un 30% nas pensións-.
- O 92,5% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 82,5%- e ás pensións –co 10,0% neste caso-. A porcentaxe restante fica entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Só para o ámbito hoteleiro obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Sobe o turismo interno –un 6,0%- , o receptor nacional –un 1,8%- e o internacional –un 21,9% neste caso-.
- O mercado receptor nacional é o de maior volume e peso na provincia. Representa a metade do total da demanda neste período.
- A estadía media descende levemente –un 0,5% en particular- para situarse preto de 2,3 noites, a cifra máis elevada das catro provincias galegas.
- Os niveis de ocupación varían tamén de forma homoxénea neste período. Mellora en torno a un punto porcentual nos hoteis e nos apartamentos turísticos, en case tres puntos nos establecementos de turismo rural e en cinco puntos nas pensións.
- Os hoteis marcan tamén en Pontevedra a cifra de ocupación máis elevada, cun 42,5% de media neste período de sete meses.


Reparto da demanda turística regrada. Noites xullo 2019



Variación da demanda turística regrada. Noites xullo 19/18



Reparto da demanda turística regrada. Noites acum. Xullo 2019



Variación da demanda turística regrada. Noites acum. xullo 19/18

